



CO₂RUÑA

NÚMERO 17

EDITA: ÁREA DE MEDIO AMBIENTE
DO CONCELLO DA CORUÑA

BOLETÍN DIXITAL DE EDUCACIÓN AMBIENTAL
DA **ÁREA DE MEDIO AMBIENTE**
CONCELLO DA CORUÑA



Ayuntamiento de A Coruña
Concello da Coruña



CORUÑA
VIVA



CORUÑA
>PRÓXIMA

O DÍA MUNDIAL DA PESCA E O DÍA MUNDIAL DO SOLO FORON ESTE ANO PROTAGONISTAS DE DÚAS DATAS NO CALENDARIO DE EDUCACIÓN AMBIENTAL MUNICIPAL

Día Mundial da Pesca

A crecente preocupación sobre o impacto da pesca marítima recreativa e a pesca comercial foi o tema central sobre o que disertou o doutor e especialista neste ámbito da Universidade de Santiago, Pablo Pita. Nesta charla, que tivo lugar no Kiosco Alfonso, os asistentes puideron comprobar a través de estimación de custes e capturas, como un tema tan relevante para a economía galega como é a pesca, porase de moita actualidade nos vindeiros anos o tempo que os caladoiros reflicten xa todo tipo de alarmas de esgotamento e claman por una xestión sostible e duradeira no tempo.

21 de novembro de 2017

Sala de Conferencias do Kiosco Alfonso



Día Internacional do Solo

Os lumes que suceden nos nosos montes desde hai anos, agrandados polo detonante dos últimos episodios do mes de outubro, centraron o protagonismo nesta edición do Día Internacional do Solo. Acompañounos nesta xornada Alejandro Rodríguez, axente forestal e destacado activista sindical nos corpos de extinción dos lumes galegos.

Que hai detrás dos lumes en Galicia? Hai elementos que os fan "autóctonos" e distintos dos doutras rexións? Hai unha mafia como nos suxiren algunhas autoridades? É inadecuada a nosa política forestal? A nosa *atomización* da propiedade está a influír decisivamente na proliferación do lume? E a vellez do noso rural?... Durante a amena e interesante conferencia de Alejandro Rodríguez sucedéronse preguntas e houbo tempo tamén para o debate nunhas datas onde o tema estaba de rabiosa actualidade en todos os medios galegos...

21 de novembro de 2017

Sala de Conferencias do Kiosco Alfonso

CELEBRACIÓN DO DÍA MUNDIAL DO SOLO

CHARLA SOLOS E INCENDIOS FORESTAIS

A CARGO DE
ALEJANDRO RODRÍGUEZ PAZOS

Axente forestal. Experto en incendios forestais. Expresidenta da Asociación Profesional de Axentes Forestais e Medioambientais de Galicia.

SALA DE CONFERENCIAS
KIOSKO ALFONSO

MARTES 5 DE DECEMBRO
19:00 horas



Ayuntamiento de A Coruña
Concello da Coruña



EXPOSICIÓN ALERTA ESPECIES EXÓTICAS E INVASORAS!

As especies exóticas e invasoras son as que se introducen ou establecen nun ecosistema ou hábitat natural ou seminatural e supoñen unha ameaza para a diversidade biolóxica nativa, xa sexa polo seu comportamento invasor, ou polo risco de contaminación xenética.

A nivel mundial, considéranse a segunda maior causa de extinción de especies tras a destrución dos hábitats.

Estes dous parágrafos introducen a exposición que con motivo desta ameaza ambiental desenvolveuse desde o programa municipal de educación ambiental. Terminada a súa produción e edición dos materiais, enseguida foi solicitada por varios centros cívicos, bibliotecas e colexios. O tema, de tremenda actualidade informativa, e esporeada por unha exótica que se fixo ubicua no noso territorio e moi recoñecible por todos os cidadáns, como é o avispón asiático, contribuíu a que a demanda da mesma fose total ata o final do ano 2017 e cunha gran expectativa tamén para o 2018.

Se desexas solicitala para o teu colexio, institución, asociación de veciños, para as xornadas ambientais que prepares para este novo ano, etc., non dubides en escribirnos coa túa petición pola canle habitual: educacionambiental@coruna.es



QUINCE ANOS DA TRAXEDIA DO PRESTIGE:



Lembras as túas primeira impresións cando coñeciches a noticia do accidente do Prestige fronte ás costas de Galicia?

Sospeitaches a magnitude do desastre desde o principio?

Cal é o peor recordo que gardas daquelas xornadas?

Cal é o mellor recordo que gardas daquelas xornadas?

Que non esquecerás nunca daqueles días?


Logo de quince anos, pensas que estaríamos preparados para atallar unha catástrofe parecida?



MERCADOS MUNICIPAIS E MOSTRA NO NADAL

As datas do Nadal son as de maior consumo do ano, por encima, mesmo, dos períodos vacacionais estivais. O consumo que se realiza nestas xornadas está moi concentrado en poucas datas e contén un elevado nivel de superficialidade: son datas de envoltorios, de lazos e de consumo rápido... Por outra banda, son datas moi importantes para o comercio que, non podemos obviar, espera estas datas como balance final do ano. Un bo Nadal en vendas asegura un comezo de exercicio máis tranquilo para maioristas e comerciantes polo miúdo. Froito do acordo da Concellería de Medio Ambiente e o Servizo de Mercados no Nadal do 2017, nun total de 4 mercados de abastos municipais, instalouse unha mesa con contidos de consumo de produtos ecolóxicos e de proximidade. Esta mostra, que estivo atendida por unha educadora en cada un dos mercados nos que se exhibiu, tivo unha interesante acollida para os veciños que se achegaron interesados e tamén entre os profesionais dos mercados desexosos de potenciar iniciativas que favorezan o mercado de proximidade fronte ás grandes estruturas comerciais.

- Mercado das Conchiñas: 11 e 12 de decembro
- Mercado de San Agustín : 13 e 14 de decembro
- Plaza de Lugo: 15 e 18 de decembro
- Mercado de Monte Alto: 19 e 20 de decembro.



CO₂RUÑA

www.coruna.es/medioambiente

síguenos en:



C02Coruña



@C02Coruna

@airecoruna

@CorunaSostible

Para más información sobre os
Programas de Educación Ambiental

981 903 834
educacionambiental@coruna.es



Ayuntamiento de A Coruña
Concello da Coruña

